


**“O galego dános identidade
no mundo”**

**Conversa con
Rosario Álvarez Blanco**

Velar o común?
Carlos Amosdo,
María D. Garza, Manuel Varela,
Daniel Fernández

GRIN

UNIVERSAS



Rosario Álvarez Blanco (Pontevedra, 1952), catedrática de Filoloxías Galega e Portuguesa na USC, membro numerario da Real Academia Galega, é a actual directora do ILG.

Conversamos con ela en Compostela, na sede do Instituto da Lingua Galega (ILG), caseirón situado en pleno casco vello de Compostela, onde habitaron Rosalía de Castro con Manuel Murguía, e anos máis tarde o cóengo e historiador Antonio López Ferreiro. Creado no ano 1971 como centro de investigación no seo da Universidade de Santiago de Compostela, o Instituto da Lingua Galega (ILG), despois de corenta anos de infatigable labor, atesoura hoxe un riquísimo legado de documentación, pescuda e traballo. Dos seus obradoiros xurdiu unha nova xeración de investigadores e docentes que dotan o idioma galego de recursos impensables hai catro décadas.

Mais a lingua galega, presente nos ámbitos científicos e universitarios do mundo en parte grazas a esta institución, segue a precisar de pulos e estratexias que aínda están sen desenvolver, e que teñen que ver cos desafíos dos novos tempos (a globalización, os cambios socioeconómicos, as novas tecnoloxías), así como coa vontade política da sociedade.

VÍCTOR F. FREIXANES

FOTOGRAFÍAS XANDRE VÁZQUEZ LORENZO

Coa perspectiva destes 40 anos de historia, cales son as funcións básicas do Instituto e cales os seus obxectivos estratéxicos?

O ILG nace como un instituto de investigación, no marco da Universidade de Santiago de Compostela, para o coñecemento e estudo da lingua galega. Cómpre non esquecer este principio fundacional para non confundir nin a súa realidade nin as súas funcións. É o máis antigo dos institutos universitarios que creou a USC. Loxicamente, no horizonte dos seus promotores estaba a normalización do idioma, mesmo cos condicionamentos que a época imponía (1971).

O prestixio e o recoñecemento que catro décadas despois ten esta institución fundaméntanse, na miña opinión, en tres grandes liñas de traballo que se consolidaron: a recolleita e sistematización do corpus lingüístico do galego; o traballo a prol da súa normalización, procurando a construción dun galego estándar —entendemos que elaborado con bastante precisión e rigor—, e a preocupación pola difusión do coñecemento da lingua galega dentro e fóra de Galicia, tanto na sociedade galega, para o seu uso e dignificación, coma fóra do país, nos ámbitos universitarios e científicos sobre todo.

Supoño que nalgún outro lugar deste monográfico se fai referencia aos labores e realizacións do ILG, polo que non é cousa de repetilos, mais as liñas que se foron consolidando durante estes anos son as que acabo de enunciar. Se cadra aínda poderíamos engadir un cuarto punto: a preocupación pola incorporación das novas tecnoloxías, tanto no proceso de investigación coma na produción de recursos.

¿E o futuro? ¿Como cre vostede que debería orientarse o traba-

llo do ILG no próximo decenio, por exemplo?

Hai cousas que non acaban nunca. O traballo de normalización ten un horizonte longo e vai precisar de esforzos continuados, pero seguramente distintos das urxencias anteriores. A recolleita de material lingüístico tampouco acaba e, ademais, vivimos unha época de cambios moi profundos que afectan internamente ao idioma (léxico, fonética...).

O noso obxectivo é recoller e sistematizar todo o galego, o falado e o escrito, o informal e o literario. Tanto o galego vivo e moderno, coma o galego das xeracións que se van. E estamos especialmente interesados no galego dos falantes, no galego espontáneo. Os datos lingüísticos son un patrimonio moi importante que cómpre documentar, conservar, gardar, sistematizar e, chegado o momento, mesmo reactivar. Temos un fondo inmenso de voces gravadas, máis de oito mil voces de falantes espontáneos de todos os concellos de Galicia, de todas as bisbarras e de moi diversas variantes xeográficas. Cando os arquivos aínda se facían en papel, chegamos a unhas 300.000 fichas léxicas.

O Atlas Lingüístico foi un proxecto moi importante de recollida do galego falado pola xente común. Por iso dende o ILG puidemos alimentar practicamente todos os dicionarios galegos que existen hoxe no mercado, un material importantísimo... Pero seguen faltando cousas. Documentación de rexistros conversacionais entre falantes, por poñer algún caso. Ou materiais que nos permitan a análise do discurso, sistematizar a prosodia... ou recoller léxico en parcelas específicas da cultura popular...

E respecto da presenza do galego no mundo, outro dos nosos obxectivos estratéxicos, ¿que vou dicir? Hai catro déca-

das a lingua galega era practicamente unha descoñecida mesmo dentro dos estudos de filoloxía románica, incluso dentro do ámbito do portugués e do brasileiro... Hoxe, en parte grazas aos traballos do ILG, o galego é unha referencia máis na Rumania e nos estudos lingüísticos do mundo.

Logo falaremos da posición do galego no marco da familia occidental da Rumania. Os avances no coñecemento e na recolleita sistematizada do patrimonio lingüístico son unha realidade obxectiva. As carencias máis serias están noutro ámbito: a planificación, a política lingüística a prol da normalización do idioma...

Pero esta non é unha competencia do ILG. O ILG é un centro de investigación, traballa con e sobre a lingua, e velaí os resultados. Sen ese estudo sistematizado, sen a recolleita que se fixo e que se segue a facer, sen a actualización metodolóxica dos traballos, sen logros como o Atlas Lingüístico, por poñer un caso, non poderíamos facer nada serio, traballariamos de memoria, ou por presuncións, dende o voluntarismo ou dende o *amateurismo*, que foi o que se puido facer durante moito tempo. Ese tempo está superado, afortunadamente.

Hoxe temos un coñecemento do galego, tanto no rexistro culto coma nos rexistros máis populares, impensable hai trinta anos, aínda que recoñezamos que segue habendo moito por facer. Mais outra cousa é a actuación política arredor do idioma. Non debemos confundir os ámbitos, porque as responsabilidades son distintas. A planificación para a recuperación, afirmación ou normalización do galego corresponde aos políticos, depende da vontade política e dos obxectivos que esta se marque a través das distintas administracións, mesmo diría



que depende do proxecto ou da idea que os dirixentes políticos teñan en cada momento do propio país.

Non digo que os políticos non deban contar co coñecemento producido por investigadores expertos nos distintos ámbitos de competencia. E falo tanto dos políticos como dos que están no poder e dos que están na oposición. Neste sentido a lingua é un espello...

¿E que di ese espello?

Que estamos nun momento difícil, moi difícil. Avanzamos moito, non o imos negar, déronse pasos importantes. Pero o idioma galego, no marco deste novo século, no contorno da globalización e das novas tecnoloxías, cambios xeracionais, desafíos internos e externos á so-

cidade galega, novos valores, novas formas de consumo, etc., ten retos difíciles que o sitúan nunca encrucillada complexa, diante da cal cómpre adoitara posicións que, como acabo de dicir, corresponden aos políticos. Tamén á sociedade civil, por suposto. A sociedade civil non pode inhibirse. Pero o establecemento de estratexias, actuacións concretas, recursos e prioridades corresponde aos dirixentes políticos. E nalgúns aspectos unha ten a sensación de que ou perdemos oportunidades ou estamos a retroceder.

Cales son eses grandes desafíos: os grandes problemas da lingua, a día de hoxe?

Son varios. Pero na miña opinión hai unha cuestión fundamental que é principio e conse-

cuencia de case todo, síntoma e catalizador: a perda que se está a rexistrar na transmisión xeracional do idioma dun tempo para acó. Os pais e as nais non lles falan galego aos fillos. Falan galego entre si, pero non aos fillos, e estes non interiorizan a lingua ou non o fan coa destreza e a competencia necesarias. Este é un problema de fondo, que ten causas complexas, de carácter social e de carácter histórico, mesmo psicolóxico, que habería que abordar.

O uso do galego nas novas xeracións é certamente problemático.

O que quere dicir que algo non estamos a facer ben, e teríamos que reflexionar sobre isto. En moitos aspectos, os pais e as nais son vítimas dun proceso históri-

co, reproducen unha mentalidade que aínda segue a dominar: a suposta inutilidade do idioma galego. Noutros casos, máis sensibilizados ou con maior formación, esta actitude resulta máis difícil de comprender. Por outra banda, os mecanismos de lecer, a industria do ocio que se nos impón arreo e que establece os modelos de comportamento na sociedade, moi especialmente nas xeracións novas, non conta para nada co galego. Os medios de comunicación de masas tampouco xogan a favor, ou fenómenos sociais coma o cine... Reducir a recuperación do galego á escola é un erro grave, equivale a introducilo nun gueto.

Este aspecto é fundamental, pero cómpre actuar sobre o conxunto da sociedade e sobre todo tipo de ofertas, equilibradamente, complementariamente, enchendo ocos que faltan e compensando situacións... Eu non son especialista nestas materias. Pero insisto en que hai xente moi formada, en distintas disciplinas, que se dedica moi seriamente a isto, e que debería ser consultada... Sempre que haxa vontade de querer afrontar o problema, repito.

A especialidade do ILG non é a sociolingüística, nin a planificación lingüística.

Como institución, hoxe non traballamos nesta dirección. Xa falei antes da nosa actividade básica. Mais poderíamos facelo. Se nos dotasen de recursos, poderíamos asumir esa liña de traballo, que ata agora apenas desenvolvemos e que consideramos certamente necesaria. Volvo dicir, non obstante, que hai persoas ou investigadores próximos a esta casa que traballan nestes ámbitos. Os traballos básicos do ILG son os que apuntei antes. Non temos recursos humanos nin materiais para atender a todo.

Cales son os recursos do ILG na actualidade? Refírome aos recursos humanos e aos recursos económicos.

O ILG é un instituto universitario da USC. Ocupamos un edificio da universidade, nobre e moi simbólico, aínda que andemos algo faltos de espazo, e unha parte dos investigadores, arredor de 25, somos profesores da institución universitaria, que non recibimos retribución económica adicional polo tempo e o labor que realicemos no ILG. Outros 25 investigadores, aproximadamente, mantéñense con bolsas e contratos temporais de investigación, pagados cos recursos obtidos en convenios e concursos públicos. E logo están os investigadores colaboradores, uns 20, que polo xeral son doutras universidades ou de fóra do sistema universitario, sobre todo profesores de secundaria, e tampouco cobran. E temos dous membros de persoal administrativo, que paga a USC.

O orzamento actual do ILG, que anda preto dos 400.000 euros anuais, sostense sobre o financiamento conseguido para proxectos en concursos públicos ou por convenios coas administracións, fundamentalmente coa Xunta de Galicia, tamén formulados sobre obxectivos concretos. Igualmente recibimos, dende as orixes, unha axuda económica anual da Fundación Barrié de la Maza, que ademais contribúe financiando algunhas das publicacións máis custosas. Pouco máis.

Non se pensou nunca na necesidade de ampliar o ámbito universitario do Instituto? Refírome a crear un ILG interuniversitario, participado polas tres universidades de Galicia.

Pensouse. E durante un tempo traballamos seriamente nese proxecto, con bastante decisión e convencemento pola nosa banda, xa non sei se por outras

partes coa mesma determinación. Mesmo chegamos a elaborar conxuntamente unhas normas de funcionamento interno para a nova institución. Mais por cuestións que poderíamos cualificar de política universitaria, o proxecto non callou e nós tamén fomos perdendo interese no proxecto. Hoxe penso que a cuestión está superada. Estamos ben así. O traballo do ILG non ten por que colisionar co traballo doutros departamentos universitarios, e a través da figura dos investigadores-colaboradores, aos que me referín antes, está resolto o tema de integrar persoas que traballen nos nosos proxectos aínda que non pertencen á universidade compostelá.

Como son as relacións entre o ILG e a Real Academia Galega?

Moi boas. Relacións de estreita colaboración, cada quen dende o seu ámbito de responsabilidade, afincadas en principios de credibilidade e de confianza mutua. A Academia ten a responsabilidade da norma, e confía no ILG en todo canto se refire a estudo e coñecemento do idioma. Iso non quere dicir que non poida haber críticas ou mesmo discrepancias nalgúns criterios puntuais, ou cuestións opinables, porque o idioma tampouco é unha ciencia matemática. A discusión e mesmo a discrepancia poden constituír unha riqueza, sobre todo cando se realiza sobre os principios que acabo de apuntar: confianza e credibilidade.

O traballo destes corenta anos é un argumento moi importante. É certo que houbo unha época, alá contra mediados dos anos 70, na que existiron diferenzas entre as institucións, se cadra máis ben diría que entre algunhas persoas. Pero a partir da década seguinte, mesmo coa incorporación á RAG de profesionais e investigadores vencellados ao ILG, as

relacións foron facéndose cada vez máis eficaces, operativas e estreitas. Hoxe son de colaboración leal e inequívoca.

Houbo momentos importantes, como a elaboración das normas ortográficas e morfolóxicas do ano 82, compartidas e discutidas por ambas as partes.

Esas normas eran fundamentais, e urxentes, porque a lingua entraba nun novo período histórico, con todo o que implicaba o recoñecemento da cooficialidade e a súa presenza no ensino. Non se podía entrar nese novo horizonte sen ter resolto este aspecto, malia que algúns non o entendesen desta maneira. As normas do ano 82 foron un paso moi importante. Pero antes houbo outra experiencia compartida que axudou moito a crear este clima de entendemento: a tradución do Misal Romano, que realizamos unha comisión mixta: Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Andrés Torres Queiruga pola RAG e Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e mais eu polo ILG. Alí puxéronse as bases doutros futuros acordos e inaugurouse unha liña de colaboración que se mantén na actualidade.

Non existen demasiadas institucións arredor dos mesmos asuntos? Moitas institucións e non sempre ben coordinadas: a RAG, o ILG, o Centro de Estudos Ramón Piñeiro, o Consello da Cultura Galega... Sen contar iniciativas de grupos, as universidades... Hai para todos?

O problema non é tanto a pluralidade como a falta de colaboración ou de complementariedade nas liñas de traballo. Que as universidades teñan os seus propios departamentos de investigación non pode considerarse negativo. A RAG ten a súa razón de ser e as súas liñas de traballo. O Consello da Cultura Galega tamén está moi definido. Cando naceu o Centro



Ramón Piñeiro, dende o ILG vimos a operación con moita preocupación, sinceramente, porque nos pareceu unha agresión ao traballo que se estaba a facer, que non nacía como un centro complementario senón como unha fronte paralela ou mesmo superposta, de forma esmagadora, coa necesidade de recursos que precisamos todos. E aquí volven as cuestións persoais e mesmo políticas, máis ou menos de carácter conxuntural, que nos condicionan tanto.

Pero creo que hai espazo para todos, para a convivencia, para a colaboración, para construír arredor da lingua un tecido investigador sólido e completo, acorde cun proxecto de país. Hai necesidades de investigación, por exemplo en materia de socioloxía da lingua, que non está atendendo ningún dos centros que mencionaches e que requiren investimento: iso é o que me parece máis preocupan-

te, que se dirixan recursos a facer o que xa estaban facendo outros en lugar de orientalos a crear novo coñecemento, sobre todo sendo fundamental para saírmos desta situación crítica. Pero, insisto, hai que ollar cara adiante, e o futuro precisa de unidade de acción, xenerosidade, intelixencia estratéxica para establecer obxectivos e non enredar en diferenzas de carácter accesorio. Alguén debe procurar ou incentivar estratexias de complementariedade. Seguramente tamén temos que falar máis entre nós.

E volvemos á política...

Volvemos á planificación política, claro. Dende algúns sectores tense demandado do ILG unha actuación deste tipo: planificación, propostas estratéxicas, programas de acción a prol da normalización do idioma... Se hai vontade política de facelo, nós estamos dispostos a poñer

todos os nosos recursos, toda a nosa experiencia e os nosos coñecementos nesa dirección, e a formar equipos con persoas coa especialización adecuada, non só lingüistas. Cos recursos actuais non podemos. Pero ten que existir esa vontade. E aínda digo máis: cando unha institución traballa, mesmo cando hai individualidades, como si as hai, recoñecidas nese ámbito, que veñen traballando dende hai tempo nestas cuestións (a sociolingüística e a planificación), esas institucións e esas individualidades deben ser escoitadas, cousa que non sucede. O futuro da lingua pasa necesariamente pola vontade política de querer actuar. O futuro da lingua pasa por dispoñer dun proxecto de país.

Disto falou vostede no seu discurso de recepción da Medalla de Ouro de Galicia, o pasado 25 de xullo, que o goberno galego lle entregou na Cidade da Cultura.

Certo. Era o recoñecemento destes corenta anos de traballo, e así o valoramos e agradecemos. Daquela falei en nome de todos os compañeiros e compañeiras do ILG, consciente do noso compromiso e coa memoria de todos os que me precederon en postos de responsabilidade na institución: empezando por Constantino García, o seu fundador, e mais por Antón Santamarina... Mais falei da situación do idioma porque é unha situación preocupante, que esixe accións decididas, sen demora, sen complexos, sen hipocrísias.

Os científicos que traballamos neste eido, que tamén é ciencia, algo temos que dicir, e ninguén nos consulta. ¿Por que? Porque a política se está a mover en función doutros parámetros que ás veces pouco teñen que ver coa realidade medible e obxectiva, e acabamos construíndo discursos que

en demasiadas ocasións non son máis ca cortinas de fume a ocultar ou disimular os feitos. ¿A alguén lle interesa un estudo contrastado sobre a realidade social da lingua? Algúns estudos xa se fixeron, e ben documentados. ¿Un plan de acción a partir dun diagnóstico rigoroso e cunha metodoloxía contrastada? Pois poñámonos a iso. Temos persoas e coñecementos abondo para afrontar e deseñar un programa de actuacións. O ILG sería o primeiro en comprometerse. Pero a vontade e a iniciativa non son nosas, senón dos que teñen a responsabilidade do país.

Os políticos ou miran para outro lado ou constrúen a súa propia fantasía, máis ou menos ideal, que non sempre se corresponde cos feitos. E logo están os enfrontamentos electorais, as concesións oportunistas, liortas cativas que nos esterilizan. E chega o momento de dicir que xa abonda: o galego non pode ser nin unha moeda de cambio nin un ganapán para apañar votos. O galego é un patrimonio común, memoria dos nosos avós, marca primeira da nosa identidade, espazo no que debemos atoparnos e recoñecernos, mesmo coas nosas diferenzas. Todos deberíamos traballar nesta dirección... E aínda engado máis: o galego é unha riqueza, non só en termos simbólicos, tamén en termos económicos, en termos estratéxicos...

¿Por exemplo?

O que falabamos antes da relación co portugués e co brasileiro. O galego dános unha identidade no mundo, e temos a sorte de que non nos illa, senón ao contrario. E isto é un aspecto fundamental que deberíamos saber explicar ao conxunto da sociedade galega. Nunha sociedade que manexa ben os dous idiomas, como debería ser o noso caso, hai un activo importante: o castelán abre un horizonte obxectivo de proxección

internacional, pero outro semellante ábreo o portugués, en Portugal e no Brasil, sen esquecer países como Angola, Cabo Verde ou Mozambique, coas posibilidades que estes países teñen en todos os ámbitos. É incomprendible que alguén queira renunciar a un recurso ou agochar un coñecemento que lle abre as portas dun mundo tan amplo. O ILG ten moi clara esta posición.

Aínda que nalgún momento se presentou a institución como antilusista...

Pero que quere dicir antilusista? Que non estamos por integrar-nos no portugués? Por suposto que non. O galego e o portugués non son a mesma lingua, aínda que pertencen a unha mesma familia. Estamos máis próximos ao portugués que ao italiano ou ao español? Por suposto que si. Pero o galego non é unha fala do portugués. É simpática a experiencia en Brasil, porque os brasileiros descubren uns españois que non falan castelán e aos que entenden incluso mellor ca aos seus irmáns de Portugal, así que alí é unha realidade esa ponte entre os dous mundos, aquí e alén o océano. Este é un papel ao que estratexicamente non deberíamos renunciar, porque xeopoliticamente e dende unha perspectiva xeolingüística dá moito xogo.

Falemos logo da posición do galego na área luso-brasileira. ¿Como poderíamos avanzar nesta dirección?

A polémica do lusismo ortográfico nos anos 80 e 90 confundiu moito e fixo, ademais, que perdésemos unha enorme enerxía, que deberíamos utilizar en concentrar esforzos e afondar na unidade de acción a prol da lingua; pero as cousas foron como foron e, como dixen antes, a nosa obriga é ollar cara adiante, corrixir os erros e seguir avanzando. Temos unhas relacións



excelentes, ao máis alto nivel, con Portugal, sobre todo coas universidades de Coimbra e de Lisboa. Dende o primeiro momento, non son cousa de agora. E temos ata 19 centros de investigación colaborando connosco en universidades do Brasil. Estas universidades portuguesas e brasileiras traballan en rede co ILG nun proxecto arredor dun tesouro do léxico patrimonial galego e portugués que coordinamos dende aquí.

As relacións académicas con Portugal e Brasil son constantes e de xeito regular. Tamén estamos a traballar, cun equipo mixto, en gramática contrastiva, en perspectiva histórica, entre o portugués do Brasil e o galego... Sempre dentro do ámbito científico, por suposto. ¿Que se debería ir máis alá? Conforme. Pero iso tamén corresponde á sociedade civil. Estreitar relacións no ámbito da cultura, a economía, as relacións sociais, etc., vai máis aló do que falamos e das nosas posibilidades, mesmo dos nosos obxectivos, aínda que é fundamental.

Falamos xa que logo dun espazo común nesta área lingüística...

É que iso parece obvio. Claro que hai un marco lingüístico

común. Pero que non me fagan dicir que o galego e o portugués son a mesma cousa, porque non é así. Ningún falante portugués se recoñece no galego, e viceversa: ningún falante galego se recoñece a si mesmo na lingua portuguesa, o que non quere dicir que uns e outros non poidan recoñecer a súa irmandade e mesmo unha parte importante do patrimonio común, e de enriquecemento mutuo, mesmo con importantes graos de comprensión en rexistros cultos...

Na miña opinión, se superásemos os prexuízos, a cuestión resolveríase incluíndo unha lección nos libros de galego de todas as escolas secundarias de Galicia e nos libros de portugués de todas as escolas de Portugal, explicando as catro curiosidades de representación gráfica do idioma e algunhas cousiñas máis de obrigado coñecemento. Unha vez máis é un problema de vontade e de superación de prexuízos. E de traballar con coherencia dende a base, dende a escola...

Outro desafío son as novas tecnoloxías...

Hai moitos desafíos, pero ¿que é a historia sen desafíos?, ¿ou a propia vida das persoas? As novas tecnoloxías e a globaliza-

ción imponen novas formas de relación, novas linguaxes, novos xeitos de producir cultura e comunicación, etc., aos que non podemos estar alleos. Unha das mostras de vitalidade do noso idioma e da nosa realidade social reside en saber dar resposta a eses desafíos.

No acto de conmemoración dos 40 anos, comprometémonos cun paso máis nunha dirección que xa vén das nosas orixes: cando cumpramos 50 anos faremolo cumprindo coa realización dun novo proxecto ambicioso para o idioma galego, para a súa difusión e coñecemento, mais apoiado nas novas tecnoloxías, na sociedade dixital e os seus desenvolvementos. Niso estamos ■